

INFORMACIÓN RELATIVA Á SUBVENCIÓN RECIBIDA POLO PSdeG-PSOE PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO NO ANO 2024

a) Marco Normativo Regulador

- Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas.

b) Solicitud

- Solicitud presentada o 03/01/2024 en cumprimento do establecido nos artigos 31 e 35.1 da Lei citada no apartado anterior. Procedemento PR004A.

c) Documentación complementaria

- Declaración responsable acorde co previsto nos artigos 32 e 35.1 da Lei mencionada no apartado a).
- Autorización á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias a efectuar as consultas pertinentes por vía telemática para acceder a aquela información necesaria para acreditar estar ao corrente dos pagamentos ás administracións tributarias e da Seguridade Social.
- Información referida á conta bancaria asignada ós efectos de ingreso da subvención.

d) Entidade que concede a subvención

- Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, dependente, na actualidade, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

e) Resolucións

- Resolución da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias de 9 de xaneiro do ano 2024.
- Resolución da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias de 1 de abril do ano 2024.

f) Contía

- A contía da subvención ven determinada polo número de escaños (supón o 40% da mesma) e votos obtidos (supón o 60% da mesma) por cada formación política, que reúna os requisitos para ser beneficiaria, nas eleccións ao Parlamento de Galicia de referencia (nestes casos as celebradas o 12 de xullo de 2020 para o cómputo dende o 1 de xaneiro ata o 18 de febreiro, e a celebrada o 18 de febreiro de 2024 para o cómputo dende o 19 de febreiro ata o 31 de decembro).
- O importe da subvención recibida polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE no ano 2024 foi de douscentos noventa e tres mil trescentos cincuenta e catro euros con catro céntimos (293.354,04€).

g) Destino


- Atender gastos de funcionamento do PSdeG-PSOE.

h) Xustificación

- A documentación para a xustificación consiste nunha relación numerada dos distintos conceptos de gastos realizados, acompañada dos correspondentes xustificantes de gasto e de pago, que se presenta ante a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Esta información publícase en cumprimento da esixencia de publicidade a realizar polas entidades subvencionadas, de acordó co establecido no artigo 46.1 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas.

Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro de 2025



Luis Ángel Lago Lage
Xerente do PSdeG-PSOE